



## Concello de Cospeito

### BASES PARA A PROVISIÓN DE 2 PRAZAS DE SOCORRISTA A TEMPO COMPLETO , DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL. 2019.

#### 1º.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade o establecemento do sistema, procedemento e baremos das probas que se aplicarán na selección de persoal para cubrir 2 prazas de socorrista a tempo completo, para a piscina municipal de Feira do Monte, garantíndose o respecto aos principios de igualdade de oportunidades, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

#### 2º.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato de traballo será laboral temporal, na modalidade de contrato de obra ou servizo determinado, a tempo completo .

A duración do contrato será, dende o 28 de agosto ata o 8 de setembro de 2019, ámbolos dous incluídos.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente.

O horario de traballo establecerase polo Concello.

As funcións do socorrista serán as propias de seguridade, prevención e salvamento acuático, ademais da de velar polo uso axeitado das instalacións das piscinas municipais. Concrétanse nas seguintes:

- Velar en todo momento pola seguridade dos usuarios das piscinas.
- Salvamento e aplicación de primeiros auxilios en caso de accidente, responsabilizándose do mantemento completo e en perfectas condicións da caixa de primeiros auxilios da piscina municipal.
- Encargarse do establecemento e do mantemento da vixancia nos vasos das piscinas e das condicións de seguridade e hixiene no recinto destas, tanto dentro coma fóra dos vasos, como medidas de prevención de accidentes e enfermidades.
- Coidar que o comportamento dos bañistas, tanto nos vasos coma fóra destes, se axuste ao disposto na normativa sanitaria vixente.
- E cantas outras funcións relacionadas co seu posto de traballo lle sexan encomendadas polos órganos municipais competentes.

#### 3º.- REQUISITOS E CONDICIÓNS ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

a) **Idade:** Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) **Titulación:** Estar en posesión da habilitación profesional necesaria para o exercicio da actividade profesional do socorrismo acuático, que se acreditará mediante a presentación do documento oficial expedido polo Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, segundo o disposto no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo

## Concello de Cospeito





## Concello de Cospeito

---

que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos de Galicia e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

Para a acreditación da formación mínima para o exercicio da actividade de socorrismo en instalacións acuáticas, e que suporá a inscrición no Rexistro de Socorristas Acuáticos de Galicia, deberase estar en posesión dun dos seguintes niveis formativos, coa salvidade do disposto na Disposición Transitoria Única do Decreto 104/2012:

- Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas (AFDP0109), establecido polo Real Decreto 711/2011, do 20 de maio.

- Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo establecido polo Real Decreto 878/2011, do 24 de xullo, título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real Decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

- Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas, obtidas a través do procedemento, que desenvolva o Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias adquiridas por experiencia laboral.

c) **Nacionalidade:** Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevea o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

d) **Capacidade:** Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) **Habilitación:** Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) **Incompatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades

---

## Concello de Cospeito





## Concello de Cospeito

---

do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) **Coñecemento da lingua galega:** De acordo ao establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008: *Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia inclúirase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.*

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

### 4º.- FORMA DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso de méritos.

Garantizarase a publicidade da convocatoria así como o cumprimento dos principios de libre concorrencia, mérito e capacidade.

### 5º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. O Tribunal cualificador estará constituído polo persoal que estableza ao efecto a resolución de alcaldía que se dicte.
2. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que celebre o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.
3. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concurren neles algunha das circunstancias previstas da Lei 39/2015. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no mesmo texto legal.
4. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas Bases.
5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.
6. O tribunal no poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de participantes non seleccionados se establecerá unha lista de reserva para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse.

---

## Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102



Cod. Validación: 7NAWZZSZ79P2DGGXZLLAZFHHS | Corrección: <http://concellocospeito.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8



## Concello de Cospeito

---

7. A Resolución que conteña a composición do tribunal e a data, hora e lugar da valoración dos méritos, publicarase no tabión de edictos do concello.

### 6º.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

As solicitudes para participar no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Cospeito, segundo o modelo Anexo I das presentes bases, e presentaranse no Rexistro Xeral do concello no prazo de **5 días naturais** contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria nun dos xornais de maior tirada da provincia de Lugo.

Tamén poderán remitirse en calquera das formas previstas na lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común. **De optarse por esta vía, deberase adiantar a instancia presentada dentro do prazo por fax ao número 982520102 ou por correo Electronico [concellodecospeito@concellodecospeito.es](mailto:concellodecospeito@concellodecospeito.es).**

Xunto coa instancia presentarase a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do interesado.
- Titulación académica e acreditación da inscrición no Rexistro de Socorristas de Galicia.
- Relación de méritos que se alegan, xunto coa acreditación documental dos mesmos.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega (Celga 3).

### 7º.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O proceso selectivo consistirá nun concurso de méritos.

Valoraranse os seguintes méritos debidamente acreditados polos candidatos:

**A) Formación académica.**—Valoraranse outras titulacións académicas distintas da esixida como requisito para ser incluído na lista de reserva, segundo o seguinte baremo:

- a) Titulación universitaria superior:..... 1,00 puntos.
- b) Diplomatura universitaria ou equivalente: .....0,75 puntos
- c) titulación de bacharelato superior, Formación Profesional de 2.º grao ou titulacións equivalentes ou superiores.....0,25 puntos.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a **1,00 puntos**, e non se terán en conta aquelas titulacións que foran requisito para acceder á titulación superior.

---

## Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102



Cod. Validación: 7NAWZSZY9P2DGGXZLLAZFHHS | Corrección: <http://concellodecospeito.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 8



## Concello de Cospeito

---

**B) FORMACIÓN COMPLEMENTARIA:** Realización de cursos de formación e perfeccionamento en materias relacionadas coas tarefas das prazas convocadas impartidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, organismo da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por estos. Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada. Puntuarase como máximo ata **3,5 puntos**, conforme aos seguintes criterios:

- ☐ Por cursos realizados cunha duración de 41 a 80 horas: 0,50 puntos.
- ☐ Por cursos realizados cunha duración de 81 a 100 horas: 0,75 puntos.
- ☐ Por cursos realizados cunha duración de 101 horas en diante: 1 punto.

Acreditarase a formación coa copia compulsada dos diplomas dos cursos realizados.

**C) EXPERIENCIA LABORAL:** Puntuación máxima: **5 puntos**. Puntuarase a experiencias nos postos de iguais ou similares características do seguinte xeito:

Valoraranse os servizos prestados de igual ou similar categoría á praza convocada e nos que se desenvolveran tarefas similares ás da mesma, tanto ó servizo de calquera das administracións públicas nas súas diversas modalidades (funcionario de carreira ou interino ou contratado laboral fixo ou temporal), como ó servizo de calquera empresa privada: 0,25 puntos por cada mes completo de servizo.

En ámbolos dous casos o tempo traballado computarase por mes completo, e non se terá en conta á hora do cómputo, e despois da suma do tempo traballado total, a fracción resultante inferior a un mes.

Acreditarase mediante **certificación expedida pola administración** correspondente na que se faga constar a duración dos servizos, escala, subescala, grupo e/ou categoría e nome do posto de traballo e no seu caso as tarefas desvoltas, ou ben polo certificado de empresa correspondente. Subsidiariamente admitirase a acreditación nos termos previstos no parágrafo seguinte.

En concreto, para a valoración dos servizos prestados na empresa privada ou en réxime de autónomo deberá aportarse un **informe de vida laboral** emitido pola Seguridade Social, **acompañado de contratos**, nóminas ou calquera outro medio válido en dereito que especifique e aclare os traballados que se reflicten na vida laboral do traballador.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa.

-Os servizos prestados nas Administracións Públicas como funcionarios, acreditaranse mediante presentación de **certificación** expedida pola autoridade ou funcionario competente, ou fotocopia compulsada da mesma, que acredite a relación funcional do/a aspirante xunto ao **modelo oficial de vida laboral**.

- Os servizos prestados nas Administracións Públicas como persoal laboral, acreditaranse, preferentemente, mediante **certificación** expedida pola autoridade ou funcionario competente, ou fotocopia compulsada da mesma, que acredite a relación

---

## Concello de Cospeito





## Concello de Cospeito

---

funcionarial do/a aspirante xunto ao **modelo oficial de vida laboral**. En defecto da mesmo soamente sera tidas en conta se presentan conxuntamente: contrato de traballo xunto ao **modelo oficial de vida laboral**.

En todo caso, para terse en conta, dos citados documentos deberá desprenderse a categoría do posto **e as funcións e tarefas realizadas**.

En caso de empate estarase en primeiro lugar á puntuación obtida no apartado de experiencia laboral, en segundo lugar, á puntuación obtida no apartado de formación complementaria, e en terceiro lugar, á puntuación obtida no apartado de formación académica.

### 8º RELACIÓN DOS TRABALLADORES SELECCIONADOS.

Finalizado o procedemento selectivo e establecida polo Tribunal a orde de preferencia publicarase a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios do Concello, non podendo declarar que foron seleccionados un número maior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, e o mesmo elevará a devandita relación á Alcaldía-Presidencia que ditará resolución de contratación.

### 9º. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

O contrato de traballo formalizarase co aspirante seleccionado, o cal se deberá presentar a seguinte documentación no prazo de 2 días hábiles a contar desde a publicación do resultado da selección:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Declaración do número de conta bancaria (IBAN).
- Certificado médico oficial.

### 10ª LISTAXE DE RESERVA.

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas aspirantes presentadas ao dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período de contratación.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir.

### 11º.- LEXISLACIÓN.

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación as seguintes disposicións:

---

## Concello de Cospeito





## Concello de Cospeito

---

Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro e os pactos de aplicación ao persoal funcionario e Convenio colectivo do persoal do Concello, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia. Lei 39/2015, de 1 outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e Lei 40/2015, de 1 outubro, do réxime xurídico do sector público.

Asino as presentes bases en Cospeito na data que figura á marxe.

Don Armando Castosa Alvariño,  
Alcalde-presidente.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

**ANEXO I**

---

**Concello de Cospeito**

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102



Cod. Validación: 7NAWZSZY9P2DGGXZLLAZFHH5 | Corrección: <http://concellocospeito.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8



## Concello de Cospeito

### MODELO DE INSTANCIA PRAZA DE SOCORRISTA DA PISCINA MUNICIPAL

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_,  
con DNI nº \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_,  
teléfono nº \_\_\_\_\_.

#### EXPÓN:

1.- Que enterado/a da convocatoria realizada polo Concello de Cospeito para cubrir, mediante concurso, unha praza de socorrista a media xornada para a piscina municipal.

2.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer.

3.- Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda en caso de extranxeiros.
- Copia compulsada da titulación académica correspondente, así como acreditación da inscrición no Rexistro de Socorristas de Galicia.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria.
- Acreditación do coñecemento do idioma galego, de ser o caso.

En base ao exposto,

#### SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente solicitude xunto cos documentos que se acompañan e sexa admitido/a ó proceso selectivo convocado.

Cospeito, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102



Cod. Validación: 7NAWZSZY9P2DGGXZLLAZFHH5 | Corrección: <http://concellocospeito.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8